



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MAR E A ASOCIACIÓN EMPRESARIAL GALEGA DE CARPINTERÍA DE RIBEIRA (AGALCARI) POLO QUE SE REGULAN AS CONDICIÓN NAS QUE SE LLE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NA VIXENTE LEI DE ORZAMENTOS DA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA PARA A REALIZACIÓN, DURANTE O ANO 2017, DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E FOMENTO DA CARPINTERÍA DE RIBEIRA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar,
DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar ten previsto formalizar coa a Asociación empresarial galega de carpintería de ribeira (AGALCARI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abranque dende a entrada en vigor ata o 30 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: o financiamento do desenvolvemento de actividades de dinamización e fomento da carpintería de ribeira no ano 2017

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que no estado de gastos da Lei de orzamentos deste exercicio figura unha subvención nominativa a Asociación empresarial galega de carpintería de ribeira (AGALCARI), por importe de 28.000,00 €, (proxecto 2015 00595), que ten por obxecto contribuír ao financiamento das actividades da entidade no ámbito que lle é propio.

2.- Que consonte ao establecido no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no 36 a) do Regulamento desta Lei, procede establecer un acordo de colaboración entre ámbalas dúas entidades para a súa realización.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou





doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

